

# GALICIA SOCIALISTA

VOCEIRO DO PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

Santiago de Chile 28

Entrechan Ltda.

SEUR C-01KAI



2Pes 75

EXTRA 25 XULLO - 1978

25 de xulio

## Día da Patria Galega



# PARTIDO SOCIALISTA GALEGO

## Porque somos unha nación e seguiremos a selo

### Editorial

25 de xullo de 1977. Mentras Galicia celebra o **Día da Patria**, no pazo de Raxoi, AP, UCD e PSOE, e gardando a porta o PC, crean a primeira grande ficción do proceso constituinte: unha **Asamblea de Galicia para parlamentarios españois**.

**25 de xullo de 1978. Os que sempre refugaron o Día da Patria Galega**, os que despreciaron sempre tal data, xunto cos que sempre a reprimiron e máis algúns que deberan reivindicar o seu verdadeiro significado, convocan na Praza do Obradoiro, mellor dito, na Plaza de España, aos galegos, a celebrar o **Día Nacional de Galicia**.

Quen non coñecera a ríola de renuncias, traicións e transaccións que une as dúas datas, creería estar nos antípodas ou ser vítima dun espellismo. Pero para aqueles que viron como o globo da esquerda íase deshinchando día a día, e caía en labarada queimando as esperanzas que o elevaran, todo é comprensíbel.

A nivel de Estado, poidemos ver como se abría o camiño desde o contraste de pareceres do partido único á unánime opinión dos partidos consensuados. Pacto da Moncloa de costas aos traballadores e o consenso constitucional de costas aos pobos, o abandono do leninismo duns e a renuncia ao marxismo dos outros, o comensalismo cos dereita e a **involución socialista** ¿ou debe decirse **democrática**?

En Galicia, tras da ficción da Asamblea, poidemos ver o arranxo da Xunta e máis o das Comisións mixtas. Vellois caciques conversos e presuntos galeguistas para unha preautonomía predemocrática.

Cae o telón e comeza a grande farsa: Mentras uns se escorregan polas lianas da socialdemocracia sucursalista, o mesiánico voo dos outros vai parar en manso peteiro na man eurocomunista, e triste papel tamén o do culturalismo que tenta malvender aquilo do que non é dono. As páxinas do **Retorno e Tagen Ata** semellan hoxe premonitorias **Olladas no futuro**.

Fóra deste marco, o diluvio, a utopía, a desestabilización, o testimonialismo. Pero tamén a esperanza.

A diferenza de convocatoria entre a explosión popular do 4 de Nadal, que desbordou os esquemas de aqueles que querían converter unha afirmación nacional en apoio a un proxecto preautonómico ridículo, e o 28 de Xuño, está composta tanto de natural desencanto como de calculada desmovilización.

Os responsábeles da crise autodemándanse solucións en Ferrol. Os que apoian a Autopista convocan unha manifestación contra o **calextric** a unha hora sospeitosamente insólita: as 12 da mañán dun soleado domingo de xullo. Os que lle negan o dereito á vida ao galego, euskara e catalán, irán se cadra rezar un nosopai na **Misa de Rosalía**.

Neste contexto, o **Día da Patria Galega de 1978** terá unha significación e unha dimensión diferentes. Frente aos que defendemos o seu contido orixinario, estará a grande antroldada sen máscaras para presuntos desmemoriados e inxenuos incorrexíbeles.

Na rolda da morte pretendida do nacionalismo non faltará de nada. Collidos das mans, irán o feixista coa alma ao cinto e o burócrata lambespiñas, o travesti político e o monifate unitario, o extremo esquerda, e o despistado danzando santurronamente, con naturalidade, na enxurrada nacional e progresista.

Pero o nacionalismo está vivo e nun soio lado da barricada, co mar ás costas e consciente de que «os traballadores son o único fundamento firme sobre do cal unha nación pode ser construída», como decía o socialista irlandés James Connolly.

Por eso sabemos que esta farsa rematará un día e os tartufos terán que abandonar a escea como os cómicos malos.

Por eso este 25 de xullo seguiremos defendendo o soño urxente dun pobo: o de existir. Somos unha nación. Seremos unha nación.

### TABOA

- Editorial
- Nación e Autodeterminación
- Xogar coas verbas, xogar cos pobos
- Antecedentes
- Rexionalismo contra Nacionalismo

UAB  
Biblioteca de Comunicación  
e Hemeroteca General  
CEDOC



# XOGAR COAS VERBAS, XOGAR CO POBO

As grandes verbas nadas ao servizo dunha anovación radical das nacións, das sociedades, da humanidade —verbas como liberdade, democracia, solidariedade, internacionalismo, revolución, socialismo, comunismo— tiveron invariábelmente un triste destino. Nun comezo, contidos, inconfundíbeles, cando menos no seu sentido nacional ou de clase, respotaban a actitudes políticas e máis a forzas sociais tan claras como elas mesmas. Eran armas poderosas ao servizo da solución dos problemas que as fixeran nacer.

Gradualmente fóronse valel-rando do seu contido orixinal e adquirindo outro novo, máis acomodaticio, sen perder por elo as vellas resoancias salvado-ras que tiñan espertado no po-bo. Esta súa ambivalencia cambiou totalmente o seu papel político. De seren armas contra da explotación e da opresión pasaron a ser engados manipulados directa ou indirectamente polos poderosos, capotes cos que se tenta converter a loita de clases en toureo de salón.

A responsabilidade principal corresponde ás planas maiores dos partidos de esquerda que se prestan a ese xogo. Chegar a explicar por qué consinten e propician esa degradación «verbal» —síntoma e consecuencia dunha degradación política— sería tanto como explicar o longo e complexo proceso de dexeneración-rexeneración das organizacións políticas saídas da clase obreira nos últimos cen anos. Sería, en suma, explicar o cerne mesmo da historia contemporánea o que cae un pouco fóra deste artigo.

O que si compraría, en cambio, é considerar algúns exem-plos que nos quedan moi de perto.

## ¿QUE QUER DECIR SOCIALISMO?

Nun principio, tras a verba «socialista» —e incluso «social-demócrata»— habla:

—Unha crítica profunda dun tipo de sociedade baseada na explotación do traballo asalariado, na existencia do estado como aparato represor e dunha variada gama de instrumentos de dominación ideolóxica, todos eles tendentes a perpetuar a explotación, que en moitos casos ven agravada coa opresión nacional e a explotación colonial doutras nacións polo estado capitalista.

—Unha vontade firme de loitar para pasar dese tipo de sociedade a outro, á sociedade socialista, caracterizada pola abolición da propiedade privada dos medios de produción, a máis ampla democracia política de todo o pobo e a liberación integral das nacións oprimidas. Para elo era condición inexcusábel a destrución do aparello do estado burgués e a súa substitución por outro, sometido a un estreito control directo do pobo e destinado a desaparecer na consolidación da sociedade socialista.

**Era socialista quen asumía estes postulados teóricos e actuaba politicamente en consecuencia. Non o era quen non cumpría esas condicións.**

Foi gracias a esto que o movemento obreiro na Europa Occidental medrou, consolidouse e foi collendo cada vez máis forza. Non embargante, o camiño era

longo e començaron as primeiras impaciencias de certas capas dirixentes —especialmente de intelectuais de extracción pequeno-burgesa— desacougadas por disfrutar canto antes da súa parceliña de poder, aínda que fose de poder burgués. E así naceu o «socialreformismo» que, xa que logo, teimou en seguir chamándose «socialista». Desde aquela, as verbas «socialistas» e «socialismo» son ambiguas e, desgraciadamente, préstanse a xogar con elas para xogar co po-bo.

Algo semellante ten sucedido co termo «comunista». Nadas en boa medida como reacción á dexeneración burgesa dun sector importante do socialismo, as organizacións comunistas tentaron recrear unhas auténticas organizacións de clase, aínda que, pola influencia determinante que sobre elas exerceu a natureza peculiar da Revolución de Outubro en Rusia, introducindo dúas modificacións de importancia no primitivo ideario socialista no referente ao carácter do partido e a clase de estado a erguer sobre as ruínas do estado capitalista. Hoxe podemos afirmar que deron, na práctica, lugar ao nacemento non de verdadeiras sociedades socialistas, senón a sociedades clasistas de novo tipo, contribuíndo a aumentas, aínda máis, o confusio-nismo arredor do «socialismo».

As verbas «comunismo» e «comunistas» seguiron unha sorte semellante. Salvando as diferenzas ideolóxicas e métodos, as organizacións comunistas sofriron un proceso de dexeneración reformista que segu no esencial as liñas básicas das socialistas e teñen desembocado en resultados parellos. Este proceso está a culminar hoxe o «eucocomunismo» de Carrillo e Berlinguer non é máis que o equivalente nestes anos setenta do revisionismo socialdemócrata dun Bernstein ou dun Kautsky nos vinte primeiros anos do século.

¿Estarán xustificadas pola realidade estas «adaptacións» do vello socialismo? ¿Terá dado mostras o capitalismo nestes últimos cen anos de que se pode transformar gradualmente en socialismo ou cando menos tornar máis «humanos», máis sopor-tábel? En absoluto. A pesares de que se ten adaptado ás grandes crises que se lle teñen presenta-do, trocando de carauta e métodos, a pesares do consumismo e do derroche das sociedades «avanzadas» a costa da crecente miseria das máis atrasadas, o capitalismo segue sendo básicamente o mesmo segue baseado na explotación dos obreiros, na opresión dos pobos e das nacións, e incluso ameaza hoxe, con tal de seguir garantizando a sacrosanta gañancia, con poñer en perigo a supervivencia mesma da especie humana.

Compre, polo tanto, a recuperación para a verba «socialis-ta» da exclusividade do seu contido primitivo, algo que nace da realidade, da raízaña mesma dos problemas máis urxentes que temos plantexados. Loitar por elo non é unha actitude utópica, mais ben realista, por máis que pretenda o contrario ese demagóxico realismo do «posible» e do «útil» (¿útil para quén?) hoxe tan de moda.

Nesto ven a conto outra verba coa que tamén se anda a xogar

moito: a «unidade» e máis concretamente a «unidade dos socialistas». A nós ocórrenos tres preguntas: ¿De qué socialistas se fala? ¿Cómo ten de ser esa unidade? e ¿Para qué se quer realmente esa unidade?

Se é unha unidade con reformistas disfrazados de socialistas, con xestores e bombeiros do capitalismo ao xeito de Schimdt, Callaghan ou Golda Meir; se é unha unidade que consiste en se deixar absorber por un aparello burocrático dirixido por eses falsos socialistas e no que todo esforzo por servir honradamente os intereses de Galiza e das súas clases traballadoras quedaría inevitábelmente afogado nun mar de ambicións persoais da máis baixa estofa; se é unha unidade destinada a barrer calquera posibili-dade dunha política auténticamente socialista e nacionalista en Galiza, se é esa «unidade», nós refugámola e sempre a refu-garemos, porque o que se nos pide é que nos suicidemos como forza política que ten un papel, e moi importante, que xogar para o País.

En troques, se se trata dunha unidade de verdadeiros socialistas, negociada nun xogo limpo, en pé de igualdade, para enfotecer un partido de democracia interna verdadeira, sen renunciar a ningún dos nosos postulados básicos como socialistas e nacionalistas galegos e encamiñada a reforzar a organización e os instrumentos de loita do pobo traballador de Galiza, se é deso do que se trata, nós aceptamos esa unidade, e máis, dexamos afervadamente esa unidade.

**Pero... na Galiza de hoxe esa auténtica unidade dos socialistas pasa, non polo PSOE, senón polo PSG, pola sinxela razón de que o PSG está demostrando ser, cos seus feitos e coas súas palabras, o único partido consecuentemente socialista. E desde esa coherencia, pola que tivemos que pagar un alto pre-cio, o PSG mantén a súa man aberta cara unha unidade real —e non demagóxica— nun socialismo tamén real, e non demagóxico.**

## ¿QUE QUERE DECIR NACIONALISMO?

A verba «nacionalismo» tivo desde o principio contidos moi diversos según a realidade concreta á que se aplicara. E isto non podía ser doutro xeito. O «nacionalismo» (en realidade estatismo imperialista) ao servizo dos grandes estados opresores doutras nacións e pobos necesariamente tiña que ser reaccio-nario. En cambio, no nacionalismo das nacións oprimidas habería compoñentes máis progresistas. E se esa opresión era unha colonización, o nacionalismo adquiría, antes ou despois, un claro contido de clase, xun-guándose íntimamente na loita polo socialismo e na loita pola liberación nacional.

Galiza é claramente un caso no que a opresión nacional leva emparellados uns mecanismos típicos de dependencia colonial: industrialización inadecuada e insuficiente para as necesidades do país, exportación de materias primas, enerxía, aforro e man de obra, etc... O feito de que, por un peculiar proceso histórico, Galiza non sexa exactamente equiparábel a, por exemplo, An-



gola non impide que no nacionalismo galego sexa unha necesidade vital a hexemonía das clases traballadoras, por seren elas as que sofren realmente o peso da opresión nacional e, en consecuencia, son obxetivamente as máis interesadas en quitá-la de enriba.

Polo tanto, ser consecuentemente nacionalista en Galiza é loitar pola autodeterminación do noso pobo para crebar os mecanismos de dependencia. As diferentes saídas que se propugnen no proceso de autodeterminación constitúen en factor diferenciador dentro do verdadeiro campo nacionalista.

Frente a este campo existen outros dous:

- 1) O de clase dominante no Estado español, xunto cos seus apéndice galegos (hoxe incluso «galeguistas»).
- 2) Os partidos de esquerda e obediencia centralista para os que o único que conta realmente como campo de manio-bras é o marco definido polo estado.

Non embargantes, tanto os uns coma os outros son conscientes da grande forza potencial do nacionalismo en Galiza, a pouco que creben os instrumen-tos de alienación cultural ou se agraven as condicións económicas.

E tanto uns coma outros, aínda que por razóns diferentes, queren impedir que esto chegue a ocurrir. ¿Cómo? Intentando desartellar o nacionalismo desde dentro, simulando unha conversión ao nacionalismo ou ao rexionalismo, según os casos, para hexemonizar aparentemente as reivindicacións nacionais, controlándoas, manipulándoas e valeirándoas de contido real. Así, unha vez reducido o nacionalismo, dunha banda, a un ghetto de «alucinados» e, pola outra, ao binomio dun culturalismo óco e dunha tímida descentra-lización administrativa, «es-querdas» e dereita poderán respirar tranquilos en Galiza. A primeira por ter eliminado competidores, incómodas testemuñas de cãrrego dos seus consensos habidos e por haber. A segunda porque, coa inapreciábel colaboración da primeira, terá acabado cun perigo futuro, con algo bastante máis difícil de dixer e assimilar.

Así pode ser entendido ese espectacular consenso ante a preautonomía vergonzante, ese afervado apoio a Rosón, vello franquista e cacique notorio, por parte de forzas aquí fóra do xogo parlamentario, tal que o PCG, cuio Secretario Xeral, Santiago Alvarez, chegou ao extremo de afirmar públicamente que criticar ao Sr. Rosón polo seu pasado equivalería a pretender «desestabilizar la preautonomía» (11). Dahi a acusar de «contubernio y conspiración judeo-masónica» a todos os que non pasemos baixo as forcas caudinas do consenso non vai máis dun paso.

E como colofón deste baile consensual está o 25 de Xullo de 1978. Ese día foi sempre patrimonio dos nacionalistas, mantido contra vento e maree de policías e franquistas (entre os que se atopaban os futuros conversos ao «galeguismo») e ante a indiferencia ou fría hosti-lidade dos partidos maiores da esquerda centralista. Ninguén, agás os nacionalistas, se ten preocupado nunca de lle lembrar ao pobo galego que ten unha patria propia, que é unha nación sen estado, que pode e debe loitar para rematar con esta situación.

Mais este ano, por obra e gracia da preautonomía e do postconsenso, pode resultar perigoso deixar ceibos aos nacionalistas. E como agora que hai democracia quedaría feo seguir soltándolles a policía para que cale os seus berros, sóitanlles aos militantes do centro e da «esquerda», traídos en trens e autobuses, cunha organización digna dos mellores antroidos do franquismo, para que a súa masa afogue as súas consignas nacionalistas con outras máis aceptábeles; e máis «naciona-les».

E sobor de todo, todo elo feito polo democrático método da maioría, de ser moitos máis a berrar. Ademais, así afórnanse pelotas de goma e botes de fume. Así, co que se aforre, Rosón poderá encãrregar unha bandei-ra galega máis grande que a de ninguén e... bordada a man.

E a seguir, xogando coas verbas, a seguir, xogando co pobo; CEDOC ATILA



# NACION E AUTODETERMINACION

Desde un punto de vista teórico e formal, o marxismo resolve a cuestión defendendo o dereito de autodeterminación pra todas as nacións como unha reivindicación democrática que o proletariado debe asumir. A loita contra toda opresión é un postulado socialista irrenunciábel que, na súa forma nacional, implica o recoñecemento do dereito de todas as nacións dun Estado á súa independencia política. E non se trata de defender a separación, senón o dereito á mesma; non é a defensa do nacionalismo por sí mesmo, senón a negociación da opresión nacional. O marxismo non é partidario da disgregación do Estado, senón da democratización do poder; do establecemento dunhas bases pacíficas de convivencia política. As palabras de Lenin son esclarecedoras cando di que «acusar aos partidarios da liberdade de autodeterminación, é decir, da liberdade de separación, de que fomentan o separatismo, é tan necio e hipócrita como acusar aos partidarios da liberdade de divorcio de fomentar o desmoronamento dos vencellos familiares». E engade: «do mesmo modo que na sociedade burguesa están contra a liberdade do divorcio os defensores dos privilexios da venalidade, nos que se funda o matrimonio burgués, negar no Estado capitalista a liberdade de autodeterminación, é decir, de separación das nacións, non significa outra cousa que defender os privilexios da nación dominante e os procedementos policíacos da administración, en detrimento dos democráticos».

Ora ben. Ao reivindicar o dereito de autodeterminación como un imperativo democrático, o marxismo clásico limitábase a colocar ao pobo como xuez no conflito; se ben, confía en que as masas populares emitan o seu veredicto inclinándose pola opción máis favorábel ao desenrolo das forzas productivas e á mellora das condicións obxectivas da clase traballadora. O pobo só se decidiría pola separación cando a opresión nacional fose inaturábel, isto é, cando se bloquea toda expansión das relacións económicas da comunidade oprimida. Según esto, o proletariado haberáse manter neutral; ou sexa, non deberá asumir os postulados nacionalistas de ningunha das partes en conflito. A tese é correcta, e o seu valor xeral sería indiscutíbel se a cuestión nacional respostase necesariamente a un conflito entre distintas burguesías nacionais; é decir, se o nacionalismo fose fatalmente reaccionario, esencialmente burgués. Esta tese, que sitúa fóra da loita de clases a cuestión nacional, foi posteriormente refutada por aqueles marxistas que situan ao nacionalismo como un factor decisivo na loita antiperialista.

Indudábelmente, cando o conflito nacional se produce entre fraccións nacionalistas da burguesía, o proletariado deberá manter independente do conflito. Conservará unha posición neutral diante do nacionalismo. Non haberá facer súa a causa da burguesía da súa nacionalidade; senón ofrecer unha opción propia contra da opresión, opción que se deberá fundamentar no principio de solidariedade entre todos os traballadores do Estado. O que somente será posíbel se as bases constitutivas da organización obreira a nivel do Estado asumen a loita contra da opresión nacional como un dos obxetivos da súa solidariedade.

O problema xurde cando a opresión nacional non desencadea na nación oprimida unha reacción burguesa. Isto pode ocorrer en tres situacións: a) cando a burguesía nacional



non se considera con forza dabondo para se opoñer á burguesía dominante, b) cando aquela chegou a un grado de simbiose con ésta que lle asegura a súa clientela, c) cando o país non acertou a crear unha burguesía nacional, limitándose a burguesía autóctona ao papel de fracción compradora, isto é, intermediaria dos intereses do capitalismo monopolista a nivel de Estado ou internacional. En calquera dos casos, o proletariado atópase diante da contradicción nación oprimida/nación opresora como unha forma de explotación de clases, que indubidábelmente ten de asumir como actitude negativa —a loita contra da opresión— pero que a falla de iniciativa da clase dominante do seu país obríga a ter de tomar a dirección do conflito, ser parte na cuestión nacional. E aquí, o seu papel xa deixa de ser o de xuez; perde a neutralidade no litixio, ten que «elevarse á condición de clase nacional, constituírse en nación». Ao proletariado, a falla de iniciativa da burguesía autóctona sitúao na posición privilexiada de poder conseguir a liberación nacional, a que históricamente lle correspondeu á burguesía. Deste modo, pode arrastrar tras de si —pode sumar á loita de clases— a todas as capas populares que só o nacionalismo e os sentimentos patrióticos poden mobilizar. Renunciar a este papel sería o mesmo que ignorar a necesidade de eleixir a contradicción principal entre as distintas contradicións que se dan na sociedade. Di Mao: «se en calquera proceso existe un número de contradicción, só unha delas é necesariamente a principal, a que desem-

peña o papel dirixente e decisivo, mentras que as demais son secundarias e subordinadas». Polo tanto, o descubrir a contradicción principal que se dá nun país concreto nun momento determinado —non deixándose levar polo estereotipo da contradicción universal da loita de clases— así como solucionar o complicado problema das relacións entre a contradicción principal e as contradicións secundarias —as contradicións entre as diferentes clases do país— é o único método para acertar coa estratexia apropiada, coa forma de loita máis eficaz para conseguir unha revolución social.

E reparando concretamente en Galicia, ninguén pode negar que este país cumple todos os requisitos que debe reunir unha nación. De acordo coa definición de Stalin, por botar man da fórmula máis repetida dentro da ciencia marxista, Galicia é «unha comunidade humana estábel, historicamente formada e xurdida sobor da base da comunidade de idioma, de territorio, de vida económica e de si-coloxia, manifestada ésta na comunidade de cultura». Stalin foi moi preciso —cecais con exceso— na caracterización de concepto de nación, e moi ríxido á hora de esixir que se dean todos os seus elementos: abonda con que falle inda que sexa ún soio destes rasgos para que a nación deixe de selo. Pois ben, en poucas nacións se dan estes elementos con máis claridade que en Galicia. Mais, o mesmo autor cae na incongruencia de afirmar que a nación é «unha categoría histórica dunha determinada época, a época do capitalismo ascensional». Como se ve, introduce un novo elemento no concepto de nación, que non recolle na súa definición, según o cal é preciso que se dea un determinado tipo de relacións de produción na base da comunidade para que ésta poda ser calificada de nacional. A incongruencia débese, no meu parecer, a unha confusión entre nación e movemento nacional. Este si aparece por primeira vez na «época do capitalismo ascensional». Pero o dito movemento non é preciso para que unha nación exista. O movemento nacional constitúe un factor para conseguir un Estado nacional, non para formar unha nación.

Galicia forma unha nación desde hai varios séculos, desde que o complexo entramado de relacións sociais se fixo tan denso que segregou un idioma. Isto é, desde que a comunidade creou o instrumento que necesitaba para reproducir unha cultura orixinal. Desde entón, Galicia é unha nación; e, non embargante, o movemento nacional galego pódese decir que naceu tímidamente no século pasado. A razón deste desfase, se é que estamos de acordo cos marxistas clásicos, debeuse á falla dun desenrolo burgués nun tempo en que outros países da Península Ibérica despregaban sen trabas o seu capitalismo autóctono. Como sucedeu en Alemaña e Italia despois do século XV, cando o comercio se desprazou desde as costas mediterráneas cara o Atlántico, en Galicia —por esas mesmas datas e por diversas razóns— o estancamento económico provocou un adormentamento do sentimento nacional. E así como naqueles países —según nolo recorda Kaustky— o atraso económico ocasionou a dependencia e ésta convertíuse en novo obstáculo para o desenrolo económico, en Galicia, o atraso económico iba converter a este país nunha colonia interior do Estado español.

MARIO ORXALES



# Día da Patria Galega

# ANTECEDENTES



No seu discurso «Alba de Gorias», pronunciado en Bos Aires un 25 de xullo, Castelao aseguraba que hai que percurar as orixes da festividade de Santiago nun culto panteísta anterior ao cristianismo. Nós non necesitaremos hoxe arrincar de tan recuadas raíces para repasar os antecedentes do Día da Patria Galega que tén lugar cada 25 de xullo como festa nacional galega. Referirémonos somente a esa época tan decisiva da nosa historia que é a inmediatamente anterior ao ano 36.

O acto máis sinalado e popularizado como conmemoración do Día de Galiza era o Mitin das Arenas, organizado por primeira vez en 1934 por iniciativa da Secretaría de Propaganda do Partido Galeguista ao fronte da cal estaba Alvarez Gallego. Os xornais da época dan conta do acto e falan da cantidade de xente e das cotas de emoción galeguista acadadas. Tiña lugar pola noite, ao redor das once e media. O cortejo partía da Ferradura e ía cara a Quintana cantando o Himno Galego e dando Vivas a Galiza. Logo interviñan os oradores. No devandito ano 1934 faláron: Alvarez Gallego, Banet Fontenla, Alexandre Bóveda, Víctor Casas, Plácido Castro, Gómez Román, Sebastián González, Iglesia Alvaríño, López Durá... hasta un total de vinteón. Pecharon o acto Castelao e Otero Pedrayo. Cando estaba no uso da palabra Suárez Picallo comezou a soar as doce campanadas na Torre do Relox; fíxese un impresionante silencio e xurde un «Viva Galiza» ceibal unánimemente contestado polos asistentes. A seguido hai alguén que berra un «Viva España!» que é interpretado pola xente como unha provocación e que procede dun profesor da Universidade coñecido polas súas ideas feixistas; o extemporáneo é golpeado polo moitadume e sóo a intervención de algúns persoais galeguistas lle permite salir

da praza. Iníciase o canto do Himno que remata con vivas a Galicia ceibe e morras ao fiasco. No medio da emoción fala de Novo Suárez Picallo: «Se ese viva que se acaba de lanzar aquí como unha provocación quer dicir a España veia e apodrecida das monarquías estranxeiras, enemigas da tradición das nacionalidades peninsulares, a que axusticiou a Pardo de Cela, a que fusilou a Solís, a que escribiu as páxinas mouroas de Oseiras, Nebra e Sofán... digamos todos ¡Morra!». Unha imponente ovación interrompe as palabras de Picallo. Felto o silencio continúa: «A outra España, a da verdadeira tradición, a da liberdade dos pobos, a que a República do 14 de abril veu alumear... para esa a nosa devoción, o noso respecto e a nosa promesa de colaborar en irmandade cos demais pobos deica agora sometidos a un poder absoluto, centralizador e tiránico». Hal un novo estalido de entusiasmo e fórmase unha nova manifestación que vai hasta a Alameda.

A conmemoración no ano seguinte tropezou con diversas dificultades gubernativas e a manifestación non se puido celebrar. Días antes, desde Madrid, Bóveda escribía: «Imos celebrar un novo Día de Galicia. Unha nova festa da Nosa Terra... que non pode ser este ano de xúbilo e de ledicia, porque enriba da nosa Patria siguen batendo como endexamais a incompreensión, o aldraxe, a preterición, a desigualdade, a inxusticia...».

Polo xeral celebrábanse actos afirmadores en todo o país organizados polo Partido Galeguista ou as Irmandades da Fala. A incidencia acadada polo Día nestes anos queda perfectamente definida en verbas de Ramón Vilar Ponte: «... ben se oía que a nosa festa adquiriu xa aquel ton de cousa obrigada e imprescindíbel que aínda terá que se facer máis firme a medida que os anos pasen e a medida que o fervor patriótico se acentúe e condense, facéndose algo consustancial coa nosa condición de galegos conscientes e, polo mesmo, co noso xeito de cidadáns integrantes dunha Patria que se hoxe non é ceibe forzosamente terá que ser, porque o fado histórico que preside o desenvolvemento dos pobos así o esixe». Aínda que el mesmo se pronuncia por un cambio na orientación da festa: «sustituíndo a ledicia e a satisfacción un pouco superficialis e pedindo que o Día fose o punto de arranque, a data sinaladora dunha rexa xeira de propaganda e espallante da doutrina nacionalista que chegase a todos os recunchos da Terra...».

En canto á denominación, a máis usada era Día de Galiza; hai que rexistrar, sen embargo, que se usaba tamén a de Día da Patria. Efectivamente: o 25 de xullo de 1935 «A nosa Terra», órgano do Partido Galeguista, baixo o titular «No Día de Galicia» e a cinco columnas escribe: «Hoxe, Día da Patria, os galeguistas afirmamos...». No mesmo número «Xiframos no Día da Patria» tódun artigo Alvarez Gallego e na reensión dos actos fálase reiteradas veces de Día da Patria.

Algo decisivo na organización da festa nacional de Galicia era a atención que lle prestaba o órgano do Partido Galeguista: o semanario «A Nosa Terra». No que ía ser o seu derradeiro número, o 25 de xullo de 1936, e a traveso da

pluma de Victorino Buxán, publicaba unha ristra de aldraxes a Galicia, fuxindo de darlle á data un carácter festivo: «Hai festa cando hai liberdade e nós non a temos, di. «O adriario está tirado das fases que o órgano do P.G. publicaba en caso que todos os números na mesma cabeceira do periódico. Vexamos algunhas para ilustrar o carácter permanente da situación de abafamento secular do país» «18 de agosto de 1934.—As adegas do Ribeiro paradas, a nosa industria conserveira parada, os envíos de diñeiro dos noso paisanos residentes en Sudamérica parados asemade... 1.º de setembro de 1934.—Fame no agro e no mar (artigo de A. Bóveda).

15 de setembro de 1934.— Os astelleiros de Ferrol van ser novamente preteridos. 22 de setembro de 1934. Xa pensan en vos subir novamente as contribucións. 9 de marzo de 1935.—Galiza incomunicada. 30 de marzo de 1935.—¡Alerta! Galegos: outra vez os tratados comerciais. 11 de maio do 35.—Cada Goberno que se constitúe en España é unha nova ameaza contra Galiza. O de hoxe é algo máis que unha ameaza.

O carácter político do Día para o seu máis importante promotor, o Partido Galeguista, fica claro reparando nos seus comunicados, cuío contido en ocasións amosa unha vivencia e unha actualidade arrepiante. Vexamos algúns párrafos que pertencen ao feito público no ano 1933: «Somos un partido máis no campo da política, pero non vimos a dividir senón a colaborar. Xurdimos para defender e realizar o galeguismo, mais non pretendemos monopolizar a galeguedade. Imos cara a liberdade da Nosa Terra, sen percurar para nós os froitos desa conquista, senón para todos os galegos. «Por eso non cobizamos o poder, como os partidos centrais ou centralizados, nin aceptamos adelegacións de poder», caí en os seus afiliados. Quen as percure non está co noso Partido. Para eles os repartos e as emporas; para nós este traballo xordo de crear un país novo; para nós este labor escuro de berrar, día a día, diante da masa galega, de escravos e de liotas, a consigna que ergue aos pobos adurmiñados: Galegos o poder é Galiza».

E imos rematar cun anaco do mesmo comunicado que acae ao espírito e aos feitos do P.S.G. no seu intento de acadar unha unidade, decote, intentada, para o Día da Patria Galega: «... quixéramos nós, poñendo na obra o noso cativo esforzo, que sen menqua das diferencas ideolóxicas, mais esquecendo personalismos políticos e retesias locais, os galegos percurásemos actuar de cote en xuntoiro de espíritos e responder coa aportación do traballo de cada ún á unidade que na xeografía e na historia e na vida mesma representa a Nosa Terra».

Que cada cidadán no seu mester e na súa doutrina se tope sempre solidarizado cos demais galegos, sentindo en si as necesidades xerais e participando activamente coa súa na vontade de Galiza. SÓMENTE ASÍ PODEMOS FACER DO NOSO SOLAR UNHA PATRIA; DA NOSA XENTE UN POBO».

## Rexionalismo contra nacionalismo


# DÍA NACIONAL GALEGO CONTRA DÍA DA PATRIA GALEGA

Tronzadas en 1936 as entón habituais manifestacións multitudinarias de afirmación colectiva do nacionalismo galego cada 25 de xullo, éstas foron restabelecidas progresivamente nos derradeiros anos da ditadura pola acción de todos os nacionalistas do país, baixo a denominación ou rubro **Día da Patria Galega**. Veleiqu os feitos. Pois a celebración do **Día da Patria Galega** —hoxe— é a expresión consciente da vontade galega de que Galiza non deixe de ser nación. Asistíndonos en consecuencia —coma a todas as nacións— o dereito de autodeterminación; que é a libre elección, polo pobo galego, do tipo de relacións que desexa establecer cos outros pobos: unirse nun estado único, artellarse federalmente, constituírse en estado independente. Nin máis nin menos.

E todos cantos argumentos tecen quen non cadran conformes con celebrar este ano o **Día da Patria Galega** non son máis que desculpas ou encubertos que acochan a súa concepción de Galiza cun grado de diferenciación por baixo dos mínimos necesarios para ser considerada nación. Pois non é certo, por exemplo, que a denominación e a conmemoración do **Día da Patria Galega** sexan exclusiva da UPG; por máis que esta organización partidaria —na súa teima por enchousar as forzas nacionalistas nun bloque concebido como Frente de Liberación Nacional conducido pola estrutura maioritaria de cadros dun partido único— teña intentado protagonizalos. Queda dito que o **Día da Patria Galega** corresponde a todos os nacionalistas galegos; pois entre todos fíximos posíbel a súa celebración. E as forzas nacionalistas que nos atemos ao pluralismo político non imos consentir a monopolización desta celebración, que atinxa ao cerne mesmo do nacionalismo galego, por ningún grupo ou organización individualmente. Nin é correcta, tampouco, a culduple igualdade, Día da Patria Galega nacionalismo autodetermi-

nación independentismo, que se tentá introducir de contrabando nos miolos da xente do común por quen teñen interese especial en indispoñer e enfrontar ao pobo galego cos nacionalistas galegos (unha fracción, consciente, deste pobo).

O que si é incuestionábel é que a celebración en 1978 do **Día Nacional Galego**, como alternativa ao **Día da Patria Galega**, —despois do intento de contrapoñer o 28 de Xuño, expresión da vontade nacional de Galicia— constituíu un ataque directo e brutal ao nacionalismo galego. Pois trátase de



suplantar, subrepticamente, o **nacionalismo** —que leva unha proposta maioritaria de artellamento federal do Estado español— polo **rexionalismo** —portador da opción Estado integrado por autonomía que ofrece a reforma Suárez— enfrontando deliberadamente en dous bandos ao pobo galego. Emplazamos desede aquí a quen nos pódá demostrar que erramos na nosa análise.

E esta manipulación descarada de símbolos e conceptos conleva asemade a manipulación do pobo galego, que xa é pasar a maiores... Que protagonice tal operación a UCD resulta certamente consecuente cos seus intereses de partido e mesmo coa traxectoria política dos seus persoais e dirixentes. Que coeagan entusiásticamente na mesma o PCG e o PSOE, incluso será cousa que debamos agradecerlles; ao cabo definen nididamente a súa política en Galiza. E ben craro queda que é o que pode agardar o pobo galego destas tres formacións políticas que se acordan de celebrar o Día de Galicia —prostituíndoo— este ano por primeira vez. Que os anteriores partidos sexan secundados nesta ocasión polo PGSD, ceais é un indicador do endeudamento político deste partido a cambio dunhas migallas de poder cabo da Xunta de Galiza. Que participe o POG nestes festexos, a máis de ser exponente cabal da infantil e personalista carreira dos seus máis significados dirixentes por aparecer presentes en todos os lugares ao precio que sexa —reflexo, se cadra, do erro padecido ao crear un partido innecesario— ven demostrar plenamente hasta qué punto esta formación política é instrumentalizada xa por partidos de obediencia estatal que utilizan ao POG como elemento distorsionador no nacionalismo galego.

Pechemos filas os nacionalistas galegos, se é que non amoa a complicidade na destrución nacional de Galiza.